

# A esmorga
## 50 anos despois

María López Sández, Álex Alonso Nogueira,
Xosé Manuel Dasilva, Bieito Iglesias


GRIAL
REVISTA GALEGA DE CULTURA
184 outubro, novembro, decembro 2009
Tomo XLVII


## O sentido da relación Galiza-países lusófonos
Margarita Ledo Andión

## En torno ao debate sobre o Acordo Ortográfico
Rita Marquilhas

## A política expansionista do español no Brasil
Xoán Carlos Lagares

## Teoloxía e liberdade crítica
Conversa con Andrés Torres Queiruga

## Galaxia e Heidegger
Carlos Fernández

## Darwin e a psicoloxía evolutiva
Miguel Pérez Pereira

## Carta de Malta

# O(s) sentido(s) da relación Galiza-países lusófonos

MARGARITA LEDO ANDIÓN

**Margarita Ledo Andión** é cineasta, escritora e catedrática de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela.

Cal é, arestora, o poder discursivo dun termo como *lusofonía* para que realidades tan diferentes que abranguen dende unha nación sen estado, Galiza, a unha nación de estados, Brasil, lle outorguen sentido? Galiza e os países lusófonos, que en diante abreviamos como *lusofonía*, constitúen ou non un lugar de encontro que en si mesmo determina a calidade do debate, do intercambio, do desenvolvemento das ciencias da comunicación? Ollamos ou non para nós mesmos como un espazo xeo-lingüístico que podería devir, tanto a nivel económico coma cultural, un activo que se xustifique neste ollar conxunto?

Son interrogantes que sen dúbida terman dun desexo, de moitas incertezas e dunha cousa certa verbo dese escenario plural e asimétrico cuxo fío funambular común é a partilla de linguas que constitúen un mesmo sistema lingüístico, feito que debera ser, por si mesmo, unha peza de inestimábel valor de uso —e de cambio— para a circulación de obxectos e suxeitos de comunicación.

A lingua como o noso case que único material, como a nosa certeza, é tamén aquilo que nos representa e que nos expresa.

Chegado a este punto lembro sempre unha escena do filme *Viagem ao principio do mundo* no que Manuel de Oliveira percorre, reencarnado en Mastroiani, na compaña doutras personaxes os lugares de seu, lugares nos que se inclúe o colexio dos irmáns maristas da cidade de Tui. Por entre a súa *troupe* anda un actor, Afonso, fillo de emigrantes portugueses que ao longo de todo o filme tenta ser aceptado pola súa xinea orixinaria. E a irmá do seu pai, a tía María, erixida en icona familiar, en símbolo e en signo da verdade do real, mantén sempre nunha frase única a tensión: se é do noso sangue, por que el non fala a nosa fala?

Tamén o segundo número do *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona* confrontounos co valor da fala, co sentido da fala, máis aló da súa función instrumental, a través dos traballos cruzados de pesquisadores e pesquisadoras, de aquén e alén da fronteira que delimita Galiza e Portugal. Pires de Brito e Moisés Martíns preocupáronse polas relacións entre lingua e identidade mentres que o filólogo Henrique Monteagudo[1] achegounos o significado político da regra, da norma aprobada en 2003 para o galego, con solucións máis preto do portugués escrito ca do español despois de que a UNESCO a situase entre as linguas en perigo.

Xa agora, para entrar nos aspectos que lles quero presentar, quizais conveña parármonos a esculcar na diferenza entre a *lusofonía* como discurso institucional e o discurso da comunicación e da cultura. Como reclamo e como mercado, as

◀ Amadeo de Souza-Cardoso
*Pintura (tiro)*, fragmento, ca. 1915-1916

*Conferencia inaugural do VIII Congreso Internacional de Comunicación Lusófona, Universidade Lusófona de Lisboa, Lisboa, 14-IV-2009.

**Boto man de Nicolaus Notabene e advírtolles que enfoco esta intervención coma un prólogo, e o prólogo coma un 'estado de ánimo', no dicir do autor de *O concepto da angustia*, outravolta de moda entre nós.

1. Monteagudo, Henrique (2004). "Outra Volta na Procura da Recendente Pantera? O acordo normativo de 2003 Antecedentes e Perspectivas", en *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona* 1, vol. 2.

posicións institucionais a prol da *lusofonía* —que poderiamos ampliar, con algunhas variacións, ás que adoito se manifestan en torno á eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e deduzo que a outras relacións bilaterais— deixan saír á tona os desequilibrios e a incidencia desigual dunha idea que segundo Ivo Castro viviu unha alta vida en Portugal nas últimas décadas en dous ámbitos ben específicos: o das artes performativas, na procura de públicos, e no discurso económico industrial, á caza de consumidores.

O problema comezaría a partir de que este ideoloxema difuso, tanto na súa fasquía propagandística como de perspectiva de negocio, inscríbese nunha lóxica unidireccional, que irradia de Portugal cara aos países onde se fala o portugués, orientada de antigo pola "pulsão unificadora" da gramática como chave para un pensamento común.

Para entender o sucedo do termo *lusofonía* en Portugal resulta revelador, na análise que realiza este catedrático da Universidade de Lisboa e membro correspondente da Real Academia Galega, a súa consideración como "palavra-passe" cara aos mercados, de xeito que o seu uso en Europa referirase a estatísticas "emprestadas maioritariamente pelo Brasil" e, no plano mundial, o significado abeira no reconforto dunha comunidade de estados que se emparella con outras asociacións tipo francofonía ou Commonwealth. Endebén, a partir desta constatación agroma un panorama complexo onde se nos advirte que os sentimentos e as manifestacións pro-lusófonas son menos entusiásticas no Brasil, a non ser en ambientes luso-portugueses. E a respecto da África, dinos o profesor Ivo Castro, "máis do que laços lusófonos, o que importa ás antigas colonias é um país europeu que acolhe a sua emigração e que se sente con deveres para con elas".

Tocante ao caso galego, que chega ate visións como as de Rocha Trinidade en que define a lusofonía nun senso alargado que luiría "unha ancestralidade, conhecida ou simplesmentes provável, que con Portugal esteja relacionada", o noso autor de cabeceira pregúntase se a *lusofonía* terá ou non "algum tipo de interese para a Galiza, além do evocativo e do simbólico" ao entender, o profesor Castro, que a común orixe histórica, a fronteira común, o mesmo hábitat e cultura, farían talvez máis acaída para a eurorrexión unha estrutura bilateral.

Porén, dende Galiza, agás na contorna dos negocios en curto, a meirande parte dos indicios que nos falan da vontade de asociacións académicas, culturais, cidadáns, artísticas ou de comunidades, achégannos aos camiños do mundo lusófono. Dende manifestacións musicais como *Cantos na Maré* ou até a serie documental *Terras de acolá* (2007), escrita e dirixida por Luís Menéndez, que segue a outras series deste mesmo autor como *Terras de Merlín* e *Terras de leste. Terras de acolá*, con 13 capítulos de 26 minutos, que se configuraron dende travesías por Portugal, Brasil, países africanos, Timor Leste ou pola raia Galiza-Portugal é, asemade, a primeira produción da Televisión de Galicia/Faro Producións vendida á Radio Televisión Portuguesa. Interesante, tamén, dar noticia da iniciativa de 2006, Fundación "Vía Galego", parella á Mesa pola Normalización Lingüística [do galego], co seu ollar posto na circulación e no intercambio cultural nos territorios que pertencen ao sistema lingüístico do galego-portugués.

Pero se existe algo que sobrancea neste contexto é o programa educativo *Ponte... nas ondas* que levou até a UNESCO a proposta de que o patrimonio inmaterial galego-portugués, asociado a actividades da auga e da terra, a oficios en vencello coas necesidades da vida, da crenza e da festa e á literatura de tradición oral (regueifas e desafíos), tan en vencello coas cantigas de *escarnio e maldizer*, fora recoñecido como patrimonio humano.

Segundo argumenta un dos voceiros da iniciativa, Santiago Veloso, "o plan de salvagardar este patrimonio debe realizarse por riba das fronteiras administrativas e coa coordinación de institucións transfronteirizas [...] aproveitando os recursos tecnolóxicos da "sociedade da información" para achegar ao mundo as expresións desta cultura milenaria". A seguido Veloso remarca que para alén da preservación e transmisións de bens culturais que o actual proceso de desagrarización pon en risco de desaparición, o reforzo das relacións cos países lusófonos que comparten este patrimonio é unha posibilidade que, dende o noso obxecto de debate, consideramos digna de atención e que cara a fin levaremos do particular ao xeral canda unha outra achega que tamén se insinúa no argumentario deste animador sociocultural que advirte o seguinte:

> Ademais [este recoñecemento internacional] sitúa á cultura galego-portuguesa como unha identidade transnacional recomposta, compartida, fronte á tendencia á homoxeneización cultural que vivimos no actual proceso globalizador.

Non é preciso insistir na distancia cada vez máis marcada entre a teima institucional en programas para un espazo de negocio, o mundo das cifras, e emprendementos que, coma os devanditos, móvense a prol dunha idea en construción. Se botamos man dun pensador que hai pouco nos visitou, Rafael Argullol, director do Instituto Universitario de Cultura de la Universitat Pom-

peu Fabra (UPF), e da conferencia "Imagen, palabra, saber. El educador contra el comunicador", impartida o 18 de xuño de 2009 na sede do Consello da Cultura Galega, observamos que o analista dirixe o seu ollar crítico cara ás ciencias sociais como ciencias en situación de desconcerto, ateigadas de expertos que levan unha enquisa permanente na carteira e que achegan predicións cada vez máis afastadas da realidade, mentres fai unha chamada cara á tradición, cara ao que escolleron os devanceiros de nós para que nos sirva de guieiro nas nosas opcións e tamén para sermos conscientes de que (eles e elas) soamente existen "como proxección ideal do que nós, dende o noso presente lle concedemos". É, pois, dende o presente onde a *lusofonía* pasará a existir como idea que entronca cun universo borroso de relacións.

E Argullol lévanos cara ao concepto de cosmos —e de cosmopolita—, cara á persoa como polis, cara á notación de orde fronte do caos, e cara a Heráclito en que di que a moita erudición non conduce á comprensión. Aproveito para recomendarlles a lectura comentada que Donaldo Schüler fai dos aforismos do grego porque a min me achegou, páxina tras páxina, as "palabras aladas" que flúen entre nós, o mundo da lusofonía e me situou no rolar das augas para poder participar de Heráclito. A unidade de acción e reflexión, entre vida e pensamento, o coñecérmonos a través do coñecemento do que nos rodea e de quen nos rodea, do(s) outro(s) é, en resumo, para Rafa Argullol, o triunfo do diálogo sobre o monólogo, do desexo de saber por riba da fría posesión do saber, un triunfo ideal que nós lle apomos a ese lugar-mundo que nomeamos *lusofonía*.

A primeira nota que agora lles quero suxerir ten a ver co Estado nación/nación sen Estado como un novo discurso a contemplar no espazo-mundo. Unha segunda terá que ver coa posición transcultural fronte da intercultural e viceversa. E na fin, como experiencia, a posta en marcha dun proxecto piloto, "Lusofonía, interactividade e interculturalidade", que devén dun compromiso labrado no VII Congreso Lusocom onde, para alén de atravesar múltiples eidos nos que a comunicación contemporánea opera, achegámonos á necesidade de establecer relacións entre idea e realización da idea, entre formación, investigación e aplicacións, e fixémolo co albo de avantar na construción dun lugar que, so o signo da igualdade, o respecto polo outro, e a diversidade, talvez poidamos partillar un proceso en curso que non é se non que a nosa incardinación na *altermundialización*.



O Pelourinho, Salvador de Bahia

É do común escoitar que o Estado-nación moderno non é o escenario onde as cousas están a ter lugar e un autor tan da nosa estima como Kevin Robins, quen participara connosco no congreso internacional "Comunicación na periferia atlántica" (1995), un estudoso moi en vencello, asemade, con programas do Consello de Europa, xa deixou atrás ese paradigma para traballar dende un modelo transcultural. O que me interesa remarcar é que no caso español, cun Estado plurinacional aínda en construción, sen o acaído recoñecemento e articulación no nivel institucional —agás cando a razón pragmática e as contas electorais así o reclaman para unha efémera política de alianzas[2]—, as nacións sen Estado, nominadas na Constitución como "nacionalidades históricas", non están en condicións de segregar dos seus sinais identitarios cultura e política, ou ambas as dúas da economía e, singularmente no caso de Galiza, da sustentabilidade medioambiental. Pensen, por exemplo, na reacción popular á así chamada "crise do *Prestige*" ou mesmo na desmesura da oposición dun sector da oligarquía a unha medida do goberno Bloque-PSOE para regular a enerxía eólica. Porén, talvez estas nacións estean en condicións inmellorábeis para un xiro de senso e poidan pensarse a si como espa-

2. Feito que explicaría que o PSOE goberne en Euskadi co PP mentres en Madrid faino co apoio de PNV-Bloque-ERC-CIU e que en Galiza formara goberno co BNG.

zo-mundo xusto na súa relación con outros espazos-mundo, en acto, rematando por lle colocar unha que outra trancadela á estada economicista e de *management* que nos invade e que espalla o seu ideario tanto ao campo académico-científico como ao mediático.

Ao non poder ficar só no valor de cambio para os bens culturais que lle outorgan sentido ao discurso simbólico-político e cidadán, ao discurso colectivo, as nacións sen estado, ao igual que outros espazos comunitarios menos regrados ca nación-estado convencional (penso, entre outras, nas comunidades indíxenas), ben puidera ser un lugar onde a gobernanza poderá ter lugar e onde, sen entrar en contradición coa creatividade, a innovación/experimentación e mesmo a propiedade intelectual non tanto como *copyright* se non, dende a tradición europea, como dereito autoral, é dicir, moral, os bens das industrias culturais non se avalíen só polo seu impacto económico nin se defina a súa viabilidade só en termos de rápido retorno monetario.

Partillar diferentes sistemas, iso que se activa no campo sen lindes do coñecemento, localizar os fíos invisíbeis da creación artesanal coa dixital, por exemplo; observar modos de organización fluídos e harmónicos con cadanseu hábitat; analizar a necesidade dunha certa ecoloxía na produción e circulación de contidos; saber, en definitiva cal lugar nos concede a palabra e cal nola retira, implica ir ao encontro dos máis, dos outros, para partillar. Mesmo cando falamos en bens mediados polo dixital, ou sobramaneira cando falamos nestes bens nos que a cooperación creativa, o uso aberto, a adaptación de programas para necesidades específicas de cadanseu contexto, estamos na cerna da palabra relación e da nova idea da nación. E cito a un noso colega, o profesor Víctor F. Freixanes, nunha intervención no congreso "Lugares de Cultura: creatividade para o desenvolvemento", que tivo lugar en Santiago de Compostela do 21 ao 24 de xaneiro de 2009, e que se referiu á nación como un espazo de comunicación onde estar á crear contidos, é participar do propio e da cultura do outro.

Porque tamén nós, galegos e galegas, fomos mundo antes de ser nación, tal e como lle escoitei dicir a unha colega da Universidade da Amazonia no Intercom 2000, tamén a nosa diáspora de 400.000 cidadáns en activo, que hoxe mesmo poden decidir o resultado dunhas eleccións, dende mundos diversos ao noso queren ser desta nación, Galiza.

É este *souci de l'autre,* en suma, no sentido que lle apón Maurice Blanchot cando fala dos/das intelectuais como esa persoa que é quen de sentir (ou notar) a dor do que lle falta, o que reclamamos como alicerce da *lusofonía*. O intelectual, para poder materializar esa súa angueira, colle e vai para a praza e en que vai para a praza retornarlle ao mundo o que ela e el propio perdera. Vai para a praza coa intención de salvarse, ela e el, de todo o irreal cara a onde, talvez, a súa obra os levara. É esta necesidade do outro como modo de se liberar dun "eu" irreal, este ir para a praza, para a ágora pública, o que lle dá corpo ao proceso polo medio do cal a súa obra pase a formar parte da madeixa infinda coa que tecer todas as relacións que conforman un espazo-mundo, un e plural, que é o que nos axunta hoxe aquí.

Fixándonos de novo na posición de Kevin Robins, agora sobre o xeito de pensar as políticas sociais e culturais, sobrancea o que denomina novo tipo de movementos, fluxos e conexións transnacionais cara a Europa, un feito que o conduce a repensar a identidade e a diversidade cultural, a procurar certos sinais no que presenta como espazos vitais innovadores, operativamente transnacionais, espazos que o levan a falar de "diversidade transcultural" tal unha realidade onde ou para a que un discurso único, panorámico ou abranxente non serve. Así, no enfoque de Robins, a situación referida chama por un novo modo de entender a política cultural (unha nova ideación da política cultural, en suma) como un asunto de pertenzas múltiples.

E teño para min que esta pertenza múltiple é a que trae canda si, dende o noso universo, o discurso da lusofonía. Vou poñer un exemplo coa miña propia práctica cando ao me identificar en calidade de autora dun texto publicado no número 5 do *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, facíao como presidenta da Lusocom, presidenta da Agacom, vicepresidenta primeira da Asociación Española de Investigación en Comunicación, AEIC, vicepresidenta da Assibercom… e comecei a miña contribución coa frase: que teñen a ver entre si estes diferentes acrónimos? Como pegada deste incidente, no texto ficou só esta última frase privada do seu referente nas diversas asociacións científicas que a xustifican, pois que a editora, con bo xuízo, debeu pensar que esa teima por me connotar era un acto de distinción que non viña a conto, e anulou a proba da miña múltipla e decidida pertenza.

Retornemos ao Kevin e a aquilo que me atira da reflexión que desenvolve a prol, obviamente, das nacións sen estado ou doutros espazos non regrados que non deberían concibirse coma *ghettos*, coma fortalezas defensivas ou como monumentos inalterábeis, se non como diálogo (mesmo se aínda non ten sido expresado, non ten sido falado), como acordo (mesmo se aínda non pasa pola escrita), como práctica de gobernanza, como punto de partida cara a un obxectivo cuxa lóxica, cuxa razón fica á marxe do confronto das

Cando falamos en bens mediados polo dixital, ou sobramaneira cando falamos nestes bens nos que a cooperación creativa, o uso aberto, a adaptación de programas para necesidades específicas de cadanseu contexto, estamos na cerna da palabra relación e da nova idea da nación

perspectivas nacional/transnacional e se define, en troques, pola participación.

Unha humilde campaña, da que fun unha das asinantes, que saíu xusto perante as derradeiras eleccións na Galiza, "Se resides, decides", a prol do voto da inmigración, entre o doutros colectivos, é un reflexo de posicións coma a devandita, posicións que poderían pór en cuestión, pola contra, o dereito mecánico de voto para as *imagined communities*, ou mesmo a existencia real das mesmas a non ser por necesidades continxentes como sería a volta da diáspora galega en países como, arestora, a Arxentina.

Un aspecto paradoxal no devalo de Robins chéganos no apartado "Defender a diversidade cultural nun contexto transcultural" onde o autor, na base de traballos desenvolvidos no Consello de Europa, tal *In Front the Margins* (1997) e, de modo sobranceiro, na *Declaración sobre a diversidade cultural* (2001), que se artellan dende a mestizaxe cultural como dinámica para novos produtos, deixarse ir cara á razón instrumental ao abeiro do suposto papel central que aquela desempeña na economía creativa, panacea da competitividade e do emprego, dise, sen reparar no seu ascenso como parte do discurso ideolóxico neoliberal. Na era da globalización, Robins decántase por un novo tópico, o da 'cidadanía cultural', e fai do mesmo a cerna do proxecto do Consello de Europa *Creating Cultural Capital for Democratic Diversity*. Para este autor o desafío da política cultural europea pasa por considerar a diversidade transcultural como un recurso estrutural que, pola súa banda, debera ser alimentado coa finalidade de pular tanto pola cidadanía cultural como pola economía creativa.

Na práctica, e enunciándoo como un cambio de paradigma, a existencia de condicións para a diversidade transcultural virá depender da existencia ou non dun marco político intervencionista, cooperativo e imaxinativo, insiste Robins, no que o Estado-nación perderá pé a prol de novos marcos onde moitas identidades e comunidades culturais se están, arestora, a construír. Deste xeito, unha aproximación máis cosmopolita aos novos dereitos culturais está no horizonte desta Europa que se presenta so o signo "transcultural" e que, para nós, no real estaría máis perto da dinámica "intercultural".

De fixármonos nos exemplos concretos referidos algures neste texto-proemio, axiña nos decatamos que non son máis ca unha doa na angueira que expresa Rafael Argullol a prol da cultura como modo de existencia, unha angueira que esixe de nós a consciencia de confrontarnos coa vertixe do actual. Son exemplos que engarzan, adrede, con posicións anti-idealistas como as de Notabene[3] (Søren Kierkegaard) e que me animaron a escribir un prólogo sen que teña, aínda, unha obra —a da *lusofonía*— entre as mans. Un proemio en si mesmo.

A modo de inventario cito unha vez máis de maneira máis descritiva algunhas das realizacións consontes con este modelo:

1. PONTENASONDAS.ORG: asociación cultural e pedagóxica que participou na VII Lusocom e que mantén relacións continuadas coa Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, é a organización responsábel, asemade, da candidatura diante da UNESCO, en 2005 e grazas á mediación do Goberno portugués, de novo en 2008, do patrimonio inmaterial galego-portugués. Pontenasondas desenvolve certames de compilación da tradición oral (co apoio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Política Lingüística, Direção Geral de Cultura do Norte de Portugal, e da Direção Geral de Educação do Norte de Portugal), para alén de celebrar, xuño de 2009, a "XV Xornada Mutimedia Interescolar"[4], e de pór a andar o "Sistema dos tesouros vivos" que acolle como modelo o rexistro de bens inmateriais que existe en Brasil e singularmente no Estado de Ceará.

3. Notabene, Nicolaus (2008). *Prólogos*, Vigo: Galaxia.

4. Celebrada o día 5 de xuño de 2009, contou coa participación activa dos alumnos e alumnas de segundo curso da licenciatura de Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, que realizaron un magazine de televisión en directo, vía Internet, de dúas horas de duración con diferentes personaxes e prácticas representativas do patrimonio inmaterial.

Unha mostra representativa de producións audiovisuais en lingua galega van entrar en relación cunha serie de grupos de recepción en tres puntos cualitativamente diferentes do espazo lusófono: Guiné-Bissau, Brasil e Portugal

2. CANTOSNAMARE.ORG: no ano 2008 tivo lugar a sexta edición deste festival internacional da Lusofonía, so a dirección artística da cantante Uxía Senlle, quen actuou, lembren, para nós todas, no Congreso de Santiago de Compostela. Cantosnamaré (CNM), conta co soporte do Concello de Pontevedra e reúne músicas de todos os países. A maior abondamento activa CNMRede coa fin de intercambiar, concretar, traballar conxuntamente. Co apoio da Consellería de Cultura e tamén da Consellería de Industria e Innovación do goberno bipartito que formaron o PSOE e mais o Bloque Nacionalista Galego entre 2005 e 2009, para alén do soporte do Instituto Camões, en 2007 CNMRede reuniu máis de cen axentes culturais internacionais de Galiza, Portugal, Angola, Cabo Verde e tamén da Bélxica ou do Reino Unido, para comezar a construír, en liña coas áreas creativas, o que anomeou MAC, Mercado Atlántico da Creación Contemporánea.

3. Tamén no mundo da academia en 2006 se artella a rede de universidades co nome de Centro de Estudos Euro Rexionais (CEER), dinamizada singularmente pola Universidade da Coruña e a de Trás-os-Montes e Alto Douro, co obxectivo de articular un espazo para a difusión da información "relacionada coa ciencia, a innovación, o coñecemento e a excelencia". No seu consello científico, para alén de membros das tres universidades públicas galegas, están profesores da de Trás-os-Montes e Alto Douro, Minho, Porto, Lisboa, Coimbra ou Castilla-La Mancha.

Mais e se a pesar de reiteradas declaracións institucionais e do ensaio dalgúns programas de políticas públicas, a posibilidade dun mapa da lusofonía non remata de se concretizar, talvez unha das fasquías determinantes para avantar na solución desta ruela sen saída estea en sermos capaces de localizar as barreiras, con e para alén da cuestión lingüística, que obstaculizan esta realidade potencial, realidade da que atopamos innúmeros síntomas, nuns casos como doenza pero tamén, noutros, como goce existencial, por retomar dende Žižek esa dobre acepción lacaniana que marca a diferenza entre síntoma/synthom, neste caso para referir o que che dá lecer.

E foi nesta paisaxe sintomática onde agromou un proxecto que concorreu e gañou unha das axudas do programa de innovación INCITE da Consellería de Industria da Xunta de Galicia, un proxecto que responde ao nome de "Lusofonía. Interactividade e interculturalidade", un proxecto en rede, que parte dun lugar preciso, da Universidade de Santiago de Compostela que o abandeira, e que ten como parceiros a Universidade Católica de Rio Grande do Sul (PUCRS), en Porto Alegre, Brasil, e a Universidade de Beira Interior de Covilhã, Portugal, para alén de contar con grupos de colaboradores en Guiné-Bissau e Mozambique ou na Universidade de Bahia, destino migratorio de galegos.

O obxectivo que lle dá azos ao proxecto é o de determinar cales son as razóns prácticas que impiden a circulación de produtos audiovisuais, neste caso en lingua galega, no espazo lusófono. Que produtos e para que públicos, son as interrogantes que organizaron a devandita proposta de investigación nos parámetros dun complexo estudo de recepción que vai reclamar, tanto a nivel metodolóxico como tecnolóxico, desenvolver unha mecánica de traballo moi próxima ao obxecto e aos obxectivos que lle dan corpo a este proxecto.

Unha mostra representativa de producións audiovisuais en lingua galega van entrar en relación cunha serie de grupos de recepción en tres puntos cualitativamente diferentes do espazo lusófono: Guiné-Bissau, Brasil e Portugal. Como paso previo desenvolveuse unha ferramenta específica *on line* que a fins de 2009 estará pronta para a fase central desta pesquisa que, en que localiza e analiza, quere servir para derrubar barreiras.

No VII Congreso Lusocom[5] as relacións científicas entre as diferentes asociacións estabilizáronse e agromaron algúns aspectos de interese para os diferentes países da macro-área; en todos e cada un dos nosos encontros definíronse cometidos, entre os cales facer accesíbeis os produtos da comunicación e da cultura a través do ciberespazo e, a nivel conceptual, foise configurando un novo modo de pensar o sentido da lusofonía como parte doutros espazos e expresouse o desexo de artellar grupos de traballo en rede. Este primeiro proxecto conxunto de pesquisa responde a ese desexo e os seus obxectivos específicos son os seguintes:

1. Localizar, a partir do estudo da recepción de produtos-modelo, as barreiras de tipo lingüís-

tico, cultural (na súa acepción antropolóxico-simbólica e histórica) e de tipo político, de modo sobranceiro as barreiras que se derivan das políticas actuais de comunicación, que frean a circulación de produtos audiovisuais en lingua galega na área da lusofonía. Organización das mesmas por categorías.

2. Elaboración dunha mostra tipolóxica, que inclúe ficción cinematográfica e televisiva, documentais e mais animación, a partir dos catálogos de produción que as empresas ofertan na web. Análise de contido.

3. Sistematización de certos motivos e modos na dramaturxia que poidan funcionar como indicadores da "posta en escena" e dos estilos dominantes na creación audiovisual en Galiza.

4. Análise comparativa da recepción dos diferentes produtos e clasificación temática, formal e tipolóxica dos produtos que circulan mellor.

5. Creación dun sistema de xestión de contidos para avaliar e probar as barreiras da comunicación no espazo da Lusofonía.

6. Resultados e recomendacións para a súa aplicación neste ámbito, configurado por un elo lingüístico que adoito non se incorporou aos debates do intercambio de persoas, ideas e produtos na mundialización.

Como marco xeral, o proxecto trata de aprofundar no coñecemento estrutural da industria audiovisual dende a súa consideración —de acordo coas posicións do Consello de Europa ou da propria UNESCO— como construtora da identidade/diversidade, ao tempo que esta diversidade non se reduce a un simple valor de mercado. Velaí a nosa preocupación por entender o espazo Galiza-países lusófonos como unha posibilidade que nos permita intervir activamente na definición do proceso de mundialización dende unha área xeo-lingüística e pluricultural específica, unha área que nos identifica e que, repetímolo como motivo, podería funcionar como un valor engadido para alén de demostrar a viabilidade da *lusofonía* como escenario real. Xermolo dunha experiencia de futuro no campo intercultural na base de diferentes linguas e variantes fonolóxicas dun mesmo sistema, a *lusofonía* é ese lugar que xera expectativas e que, seguindo as posicións de Armand Mattelart, non debe ficar no empirismo instrumental e, pola contra, ten que coller certa distancia dun concepto tradicional de "comunidade imaxinada" que pode non dar atravesado o determinismo a que nos someten as estratexias do *marketing* e do *management* que, ao dicir do profesor de Paris-Saint Denis:

> Fixeron da diversidade cultural unha noción operativa en que a erixiron no principio de segmentación transnacional dos obxectivos en "comunidades de consumidores". Anticiparon, deste xeito, o feito de que as novas tecnoloxías de almacenamento de información e de establecemento de perfís permiten producir diversidade de maneira estandarizada.

Cando en Compostela aceptamos a candidatura de Luanda, esta Lusocom viría tratar de "Comunicación e educación". Pero non foi posíbel que tivese lugar nese lugar. E porque cada ámbito, para nós, non é adxectivo senón substantivo, e porque a diversidade non admite, entre nós, estandarización, ao virmos para Lisboa e para a Universidade Lusófona, o xiro lingüístico levounos cara á "Comunicación, política e tecnoloxía". Coas ás aquén e alén, que a oitava Lusocom que arestora comeza sexa unha viaxe fraterna e segura para ser celebrada nos diferentes portos de arrivada ■

## Bibliografía


Argullol, Rafael (2009). "Imagen, palabra, saber. El educador contra el comunicador". Conferencia impartida no Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 18-VI-2009.

Castro, Ivo (2008). "Galiza no espaço cultural e simbólico da lusofonia", GRIAL 180, Vigo.

Mattelart, Armand (2002). *Geopolítica de la cultura*. Santiago de Chile: LOM.

Monteagudo, Henrique (2004). "Outra Volta na Procura da Recendente Pantera? O Acordo Normativo de 2003 Antecedents e Perspectivas", *Anuário Internacional de Comunicação Lusofona* 1, vol. 2.

Robins, Kevin (2008). "El reto de las diversidades transculturales", *Revista CIDOB d'affers internacionals* 82-83, Barcelona: Fundació CIDOB.


5. "Comunicación local: da pesquisa á produción", Santiago de Compostela, 21 e 22 de abril de 2006.